

Orde do 6 de outubro de 2008 pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2009.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro) determina no seu artigo 5 que os domingos e días festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, de oito ao ano. O tempo máximo entre a apertura e o pechamento en domingos e días festivos autorizados será de doce horas.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido na liña anterior e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, así que fosen publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas ás que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación da dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, tendo que se presentar acompañada dos informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince días contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o devandito prazo sen resolución expresa, considerárase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se tivesen aprobados.

A Consellería de Innovación e Industria ten competencia en materia de comercio de acordo co disposto no Decreto 213/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria.

En aplicación dos citados preceptos, previa consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos 8 domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2009,

Polo tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer

abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2009 son:

4 de xaneiro.

11 de xaneiro.

9 de abril.

5 de xullo.

6 de decembro.

13 de decembro.

20 de decembro.

27 de decembro.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 5 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, pola que se lle dá publicidade á concesión dos premios a procesos de implantación da Axenda 21 escolar en Galicia en centros educativos públicos, ditada ao abeiro da Orde do 9 de xuño de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 114, do 13 de xuño).

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na base décimo terceira da Orde do 9 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases e se convoca a I edición dos premios a procesos de implantación da Axenda 21 escolar en Galicia en centros educativos públicos, resolvo facer pública, a través do *Diario Oficial de Galicia*, a concesión dos citados premios en virtude de resolución do director xeral de Desenvolvemento Sostible do de setembro de 2008 ditada por delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Orde do 9-6-2008), facendo constar os seguintes extremos:

Convocatoria: Orde do 9 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases e se convoca a I edición dos premios a procesos de implantación da Axenda 21 escolar en Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 114, do 3 de xuño de 2008, páxina 11.429).

Aplicación orzamentaria: 15.04.541.E.640.5 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.